

# culturas

• CREACIÓN • ARTES PLÁSTICAS • MÚSICA • LITERATURA • CINE • TEATRO • POESÍA • FOTOGRAFÍA • DANZA • VIDEO • IDEAS •



ALBERTO LOPEZ

La nueva generación de narradores gallegos se reunió en Compostela, convocada por La Voz de Galicia

## Los nuevos NARRADORES

RODRÍGUEZ GARCÍA

**A**sus 19 años, María tiene ya dos libros publicados, siguiendo la estela materna. Entre los clientes de la cafetería no conoce a casi nadie, aunque allí están varios escritores. Ramón Loureiro es de los primeros en presentarse. El autor de *Morgado* elogia la juventud de María afirmando que «ésta sí que es una joven escritora».

Desde uno de los extremos de la barra Xabier López asiste al encuentro y se da a conocer. Los tres son parte de la hornada de nuevos narradores que buscan hueco en la literatura gallega. *Culturas* los reunió en Compostela para que se conocieran y hacer la foto de familia.

Camilo Franco entra ironizando sobre la necesidad de cambiar de *look* para incluirse entre

los nuevos narradores. El escritor y periodista forma parte de un grupo de autores orensanos, entre los que están Xerardo Méndez y José María Pérez Álvarez *Chesi*, que pueden formar una generación. En ella habría que incluir, entre otros, a Xosé Carlos Caneiro, Ramón Caride, Fernández Noval, Cid Cabido y Manuel Outeiriño. Sería la *Xeración Auriense*, como la denomina Camilo Franco.

Al encuentro en el Hostal de los Reyes Católicos se van sumando Manuel Núñez Singala, Xabier Lorenzo, Xerardo Quintiá y Xoán Guisán.

Aparece Xurxo Souto, ideólogo del bravú, buscando alguna cara conocida y causando una cierta sorpresa: el líder de los Diplomáticos de Monte Alto es más conocido por su música que como autor de un par de libros. La ca-

menaza lluvia sobre Compostela, algo habitual en un día del mes de difuntos. El badajo de la Berenguela anuncia el mediodía. En la Plaza del Obradoiro, ante la fachada del viejo hospital de los peregrinos, María Canosa se despide de sus padres: «Supongo que no tardaré mucho, una hora o así». Luego, accede al interior del hostal.

miseta bravú que luce Santiago Jaureguízar sintoniza con Souto, que ha perdido fuelle con el Deportivo «desde que non está Arsenio» y afirma que «agora son do Ourense».

Un camarero avisa que alguien llamó diciendo que no puede acudir al encuentro. Puede tratarse de Xesús Manuel Marcos (Seoane do Courel, 1967), autor de la novela *En terra perigosa* (Espiral Maior) y de *Terra queimada*, premio Carballo Calero. También podrían ser Anxo Angueira (Manselle-Dodro, 1961), cuya primera incursión narrativa, *Bágoas de facer illas* (Xerais), fue premio Dublin; Manuel Darriba (Sarria, 1973), autor de *Pub Xarope* (Sotelo Blanco) que habitualmente «non estou nos cenáculos literarios»; Uxía Casal (Santiago, 1957), escritora de relatos; el lucense Isidro Novo, con *Por unha presa de macha-*

*cantes* y *Carne de can* (Positivas); Xavier Queipo (Santiago, 1957), autor de *O paso do noroeste* (Galaxia) e *Mundiños* (Xerais); Carlos Vila Sexto (La Coruña, 1977), con su *Gárgola* (Galaxia); Neira Cruz (Santiago, 1968), con sus biografías ficcionadas de personajes gallegos, o Xavier Franco (Pontevedra, 1967) con *Eventuais* (Sotelo Blanco). La que anunció su ausencia fue la viguesa Marga do Val, que acaba de editar *O prognóstico da Lúa* (Obradoiro).

Los asistentes intercambian opiniones sobre el papel del escritor, la escasez de lectores y la falta de foros culturales, mientras van desfilando ante la cámara de Xurxo Lobato. Tras la foto de familia, abandonan perezosamente el hostal. Alguien comenta que «habría que hacer esto más a miudo». En la Plaza del Obradoiro llueve intensamente.



XERARDO MÉNDEZ

Desde os tres anos está en Galicia, ainda que naceu en Colón, Panamá, en 1964. Estudiou Ciencias Físicas na Universidade de Santiago. Escribiu varios poemas non publicados e a súa primeira obra de relatos é *O cazador* (1991). Logo publicou *O abrebre é un desatino* e o pasado verán a súa última obra, a novela *As horas que nos quedan* (Laiamento).

SANTIAGO JAUREGUÍZAR

Naceu en Bilbao en 1965 e desde neno viviu na Mariña lucense. Publicou os libros *Fridom spik* (Xerais) e *Todo a cen* (Sotelo Blanco), do que vai facer un guión audiovisual. Ten feita algunha novela infantil. Traballa como xornalista, e entre os seus proxectos está unha novela en galego de próxima publicación e outra obra en castelán.

MARÍA CANOSA

Filla da escritora Concha Blanco, naceu en Cee en 1978. Estudia Inxeniería de Camiños na Coruña e con *Bramido maino* (Edicións do Castro) quedou finalista do premio Rúa Nova. Outro dos seus libros é *A pedra do Seixo* (Sotelo Blanco), ademais das obras inéditas *Unha fisga de esperanza* e unha novela xa rematada.

XURXO SOUTO

O polifacético líder dos Diplomáticos de Monte Alto naceu na Coruña en 1966. En 1995 publicou *A tralla e a arroutada* (Xerais) na que expón a ideoloxía bravú. Este ano editou o seu segundo libro, *Fumareu* (Xerais) no que conta historias de personaxes que os Diplomáticos atoparon por Galicia e as que lle poñen música no último disco.

XABIER LÓPEZ LÓPEZ

Nacido en Bergondo (A Coruña) en 1974. Licenciado en Dereito vén de publicar a súa primeira novela, *Biff, bang, pow!* (Sotelo Blanco), a historia dun detective en Londres. Ten escrita outra novela, a *Ópera prima*, redactada cando tiña 20 anos. Tamén publicou varios contos en revistas culturais como *A Xanela das Mariñas*.

XOÁN GUISÁN SEIXAS

A Coruña, 3 de marzo de 1957. Licenciado en Ciencias da Información pola Complutense de Madrid. Premio de narrativa Pedrón de Ouro (1977) e de narrativa infantil O Facho (1978 e 1979). Vencellado o mundo teatral. Obras: *Número de patente* (O Castro), *Orígen certa do Farol de Alexandria* e *Teatro para se comer* (Laiamento).

ARMANDO REQUEIXO

**E**ste ano literario que enfía xa o seu remate deixounos ós lectores de narrativa galega algúns títulos interesantes e revelounos uns cantos autores noveis ós que, nun futuro próximo, haberá que seguir a pista.

Malia a predominancia indiscutible de títulos e autores xa ben coñecidos do público lector (Fernández Ferreiro, Valcárcel, Caride Ogando, Fernández Paz, Cid Cabido, Cañeiro...), este 1997 que agora vai camiño de finalizar trouxo consigo a aparición no noso panorama narrativo de algo máis de media ducia de obras coas que os seus respectivos autores se estrearon no eido da prosa galega de ficción. É este o caso -sen pretendermos ser exhaustivos na nómina- de *Bágoas de facer illas* (Xerais), do coñecido poeta Anxo Angueira; *Paf Xarope* (Sotelo Blanco), de Manuel Darriba; *Eventuais* (Sotelo Blanco), de Xavier Franco; *O lume de Santo Antón* (Xerais), de Luís Manuel García Mañá; *Biff, bang, pow!* (Sotelo Blanco), de Xabier López López; *Morgado* (Edicións do Castro), de Ramón Loureiro; *Marusía* (Ir Indo), de Xosé Antonio Silva do Porto; e de *O prognóstico da Lúa* (Obradoiro-Santillana), de Marga do Val.

## A colleita narrativa do 1997

Esta aposta más ou menos firme que tanto grandes como pequenas plataformas editoriais do noso país fan dos novos valores narrativos —sempre mellorable, por outra parte—, posibilita un futuro literario no que a canteira actual de novísimos narradores poída despregar tódalas súas potencialidades creativas. Evidentemente, non todos los nomes dados a coñecer neste e nos últimos anos han de ser referencia literaria fundamental nas próximas décadas, xaora, pero a bo seguro algún deles se salvará entre o xoio da peneira.

Neste sentido, será importante ver qué dan de si as no-

velas urbanas, de linguaxe coloquial e asunto por veces detectivesco de X. López en *Biff, bang, pow!* e Darriba en *Paf Xarope*, o neolirismo e a recreación-fantástica de Silva do Porto na súa case póstuma *Marusía*, ou de Loureiro en *Morgado*, así como tamén as incursións na prosa ultracorta de Xavier Franco con *Eventuais*, a aproximación ó relato psicolóxico e de revisión do neourbano e da tolemaia do mundo moderno que leva a cabo Angueira nos seus relatos de *Bágoas de facer illas*, a narrativa sobre a marxinación, a problemática social e o mundo da drogo-dependencia sobre o que se debruza Marga do Val en *O prognóstico da Lúa*, ou mesmo o tratamento da novela histórica de acción policial reflectida en *O lume de Santo Antón*, de García Mañá.

Sexa como for, este tac narrativo ás nosas letras non deixa de confirmarnos na opinión de que o sistema literario galego está abrindo os seus horizontes, creando novos vectores de forza nas liñas prosísticas de ficción, continuando así con esa apertura dos últimos anos a un complexo e multiperspectivístico universo de posibilidades lectoras que o público galego, pasen indemne, vai sabendo agradecer.



CAMILLO FRANCO

Este xornalista e escritor naceu en Ourense en 1963. Publicou en 1988 *A lúa no céntro e outros textos* (Edicións do Castro) e o seu último libro, editado en 1995 é *En malos pasos* (Xerais). Ten traballoso conxunto en obras adicadas a Ribadavia, a Buños e a colectiva *Narradores de cine*, ademais do folleto literario *Paralelo 42*.

CHESI

O seu nome completo é Xosé María Pérez Alvarez e naceu no Barco de Valdeorras en 1952. Traballa en Facenda, en Ourense. O primeiro libro que publicou en galego é *En perigo de extinción*. Ademais ten escritos varios contos e unha novela en castelán, ambientada en Ourense, e titulada *Las estaciones de la muerte*.

XAVIER LORENZO

Licenciado en Filoloxía Hispánica e profesor de Literatura e Lingua Galega en Padrón, naceu en Madrid en 1961. Coa súa primeira novela *O paxaro que canta un nome* (Galaxia) gañou o ano pasado o premio Eduardo Blanco Amor, ainda que leva xa tempo escribindo artigos literarios, relatos curtos para revistas.

MANUEL NUÑEZ

Este lucense de 34 anos é o autor dunha comedia xuvenil, *O achado do castro*, que vai pola cuarta edición e leva vendidos catro mil exemplares. Tamén escribiu o conto *O soño de M.* antes de publicar a súa primeira novela *Mar de fondo*, que ten a curiosidade de estar escrita desde tres ópticas distintas.

XERARDO QUINTIÁ

Naceu en Friol (Lugo) en 1970. Actualmente traballa nun bingo, é autodidacta e a súa primeira novela foi *Finísimo po nas as*. Ademais dun minipoemario publicado en Xerais e varios en obras colectivas, ten editada *Descuberta* (Editorial Galaxia), unha novela más ben curta e de tintes autobiográficos.

RAMÓN LOUREIRO

Este xornalista e escritor naceu en Silobre-Fene en 1965. Autor de relatos curtos e traballos literarios polos que recibiu diversos premios, o seu primeiro libro é *Morgado* (Edicións do Castro). Tamén fixo varias exposicións fotográficas. Loureiro di que «o xornalismo pode ser literatura, pero non é o meu caso».